



INSPECCIÓN ANTEMORTEM



ACHADOS E NON CONFORMIDADES	ADOPCIÓN DE MEDIDAS	COMUNICACIÓNS	REXISTROS
A pel ou a la dos animais en condicións de sucidade tales que exista un risco inaceptable de contaminación da carne durante o sacrificio. Ver Anexo Limpeza vacún	Non permitir o seu sacrificio para consumo humano a menos que se tomen as medidas correctoras para evitar a posible contaminación: - Limpeza do animal - Sacrificio ao final da xornada	Operador Económico No caso de incidencia significativa ou reiterada acta e comunicación á XT(a través da XZ)	Semaga
Animais que padezan unha enfermidade da lista O.I.E. transmisible a outros animais ou aos seres humanos por manipulación ou inxestión de carne (exemplo: PPC)	Sacrificar os animais por separado, en condicións que eviten a contaminación doutros animais ou doutros canais, e decláralos non aptos para o consumo humano.	Operador Económico para que o comunique a explotación de orixe. A Autoridade competente de supervisar a explotación	Semaga
Animais que presenten signos de enfermidade sistémica	Sacrificar os animais por separado, en condicións que eviten a contaminación doutros animais ou doutras canais, e decláralos non aptos para o consumo humano.	Operador Económico para que o comunique a explotación de orixe. A Autoridade competente de supervisar a explotación	Semaga
Animais que se sospeite que teñen unha enfermidade ou un estado de saúde que poida afectar á saúde pública ou animal (exemplo: ileíte porcina). Animais que os operadores da empresa alimentaria poidan apartar.	Sometelos a un exame antemortem exhaustivo a fin de establecer, se é posible, o diagnóstico definitivo. Se fose necesario, os animais sacrificaranse por separado ao final do proceso normal de sacrificio, tomando todas as precaucións necesarias para evitar a contaminación do resto da carne.	Operador Económico para que o comunique a explotación de orixe. A Autoridade competente de supervisar a explotación	Semaga
Presenza de animais procedentes de explotación ou zona suxeita a prohibición ou restrición de movemento, sen a autorización correspondente, ou calquera outro factor que prexudique á saúde humana ou animal.	Sacrificar por separado e declarar a non aptitude para o consumo humano	Operador Económico Acta de comunicación e enviará a X Zona para que se informe a autoridade competente de supervisar a explotación.	Semaga
Presenza de animais sospeitosos de ser tratados con medicamentos veterinarios ou substancias prohibidas	Non permitir o sacrificio ata recibir a información pertinente. Se no prazo de 24 horas desde a entrada do animal non se dispón da mesma, sacrificar por separado e declarar non aptos para o consumo humano. O devandito prazo poderá ampliarse polo SVO. PNT Pnir procedementos por sospeita	Coordinador do PNIR Xefatura de Zona (para o envío da mostra o Laboratorio) Folla de remisión de mostras para o Laboratorio	Actas do PNIR
Sacrificio de urxencia no matadoiro (fora do horario do Servicio Veterinario Oficial)	Comprobar que se realizou a inspección ante- mortem e foi favorable e actuación de acordo co disposto pola normativa. Revisión de toda a documentación de acordo a PNT de Sacrificio de Urxencia PNT 8 AESAN Sacrificio de urxencia	Operador Económico Acta + Informe de animais non aptos para o transporte e enviarase á Xefatura de Zona	Semaga
Animais mortos na corte ou no transporte	Prohibir entrada no local de sacrificio. Se existen signos de inaptitude para transporte procederase a redactar a acta e comunicarse á Xefatura Territorial	Operador Económico Acta + Informe de animais non aptos para o transporte e enviarase á Xefatura de Zona	Semaga
Malas prácticas de estabulación ou manexo dos animais	Aplicar o Protocolo de inspección de benestar carnes vermellas. Protocolo F13T-01-03-01. Supervisión Semaga	No caso de incidencia significativa ou reiterada acta e comunicación á X. de Zona	Semaga